

Cultura e Educación

- Conversión definitiva do Cine Elma nun moderno Teatro Multiusos.
- Rehabilitaremos e dotaremos do equipo técnico necesario o Auditorio do ISM.
- Potenciaremos o Museo Valle-Inclán coa colaboración da Xunta de Galicia, avanzando na obtención do certificado de calidade en Excelencia Turística.
- Crearemos un Centro de Interpretación da Natureza en Aldea Vella, con fins socioeconómicos, educativos e turísticos.
- Seguiremos traballando na conservación e mantemento dos Centros Escolares e mediamos ante a Xunta de Galicia para adaptar os mesmos as Novas Tecnoloxías.
- Seguiremos comprometidos coa salvagarda do noso patrimonio etnográfico: Recuperaremos e restauraremos o Cruceiro na Praza de Galicia.
- Promoveremos a restauración da Capela de Alba.
- Promoveremos o traslado, restauración e uso público da Casa da Cadea.
- Potenciaremos noso turismo local, mediante a creación de novos produtos, fomentando o turismo de fin de semana e resto da tempada, máis alá da época do verán, todo elo en colaboración coas empresas do sector.
- Impulsaremos perante o Goberno Central a axilización da declaración do Nazareno “Procesión das Mortallas” como Festa de Interese Turístico Nacional.
- Manteremos o noso firme compromiso de colaboración co tecido Asociativo Local: Comisións de Festas i Entidades sen ánimo de lucro que promoven actividades públicas de interese social, educativo, cultural, deportivo e de lecer.
- Diversificaremos a Oferta Cultural para os xoves apostando polas expresións artísticas contemporáneas (Concurso de pintura rápida; Arte nas rúas; Happening; arte participativo ou de creación colectiva, etc).